

COMISIÓN PERMANENTE

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 3 DE OUTUBRO DE 2019

<p>Asisten:</p> <p>1.- D^a. Almudena Bergareche Gros (Presidenta) 2.- D^a. Rosa Rodríguez Martín-Retortillo (Secretaria) 3.- D^a. Lydia Noriega Rodríguez 4.- D. Alexandre Pazos Pérez 5.- D. Julio Costas Comesaña 6.- D. Francisco Torres Pérez 7.- D^a. Carmen Domínguez Rubira 8.- D. Jesús Erias Pérez 9.- D^a. Karolina Laurencja Plaga 10.- D. Tomás Farto Piay</p> <p>Asisten con voz e sen voto:</p> <p>Desculpan asistencia:</p> <p>D^a Carmen Ruiz Hidalgo</p>	<p>Acta da Comisión Permanente do día 3 de outubro de 2019, convocada por orde da Presidenta da mesma, D^a. Almudena Bergareche Gros, ás 12:30 h. en primeira convocatoria, e ás 13:00 h. en segunda convocatoria, no Decanato da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, co seguinte da orde do día:</p> <p>1. Lectura e aprobación, se procede, das actas, ordinaria e extraordinaria, da respectivas sesións anteriores (ordinaria de 4 de febreiro de 2019; e extraordinaria de 6 de setembro de 2019).</p> <p>2. Informes da Sra. Presidenta.</p> <p>3. Modificación, se procede, do horario de 2º curso de RRHH: a materia Psicoloxía do traballo se impartiría os martes en horario de 10.15-11.30 e a materia de Dereito do Traballo se impartiría os martes de 11.30-12.45</p> <p>4. Modificación, se procede, do horario de 4º curso do Grao en Dereito: a materia Métodos alternativos se impartiría os mércores de 12.30-14.20.</p> <p>5. Rolda aberta de intervencións.</p>
--	--

Ás 13:05 h. do día 3 de outubro de 2019 comeza a reunión ordinaria da Comisión Permanente, coa asistencia dos membros arriba enumerados.

. Lectura e aprobación, se procede, das actas, ordinaria e extraordinaria, da respectivas sesións anteriores (ordinaria de 4 de febreiro de 2019; e extraordinaria de 6 de setembro de 2019).

Por parte da estudante Karolina Laurencja Plaga, se solicita que na acta da reunión extraordinaria do 6 de setembro de 2019, se inclúa o seu nome no apartado de desculpan asistencia, xa que xustificou a súa ausencia ese día.

Apróbanse por asentimento, coa corrección enriba indicada.

2. Informes da Sra. Presidenta.

Se informa de que na Comisión de TFG se aprubaron as datas e Tribunais, así como do prazo de propostas consensuadas, que tamén foi aprobado.

Asimesmo, se informa de que se vai iniciar o proceso electoral no centro. Unha vez se autorice o calendario por Secretaría Xeral, se publicará.

3. Modificación, se procede, do horario de 2º curso de RRHH: a materia Psicoloxía do traballo se impartiría os martes en horario de 10.15-11.30 e a materia de Dereito do Traballo se impartiría os martes de 11.30-12.45.

Apróbase a modificación por asentimento.

O profesor Alexandre Pazos pide que conste en acta o seu agradecemento polo cambio á profesora Carmen Domínguez Rubira.

4. Modificación, se procede, do horario de 4º curso do Grao en Dereito: a materia Métodos alternativos se impartiría os mércores de 12.30-14.20.

Apróbase a modificación por asentimento.

5. Rolda aberta de intervencións.


A estudante presente na reunión, Karolina Laurencja Plaga, se refire á convocatoria de avaliación curricular da alumna do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos Carla Romero García, en relación cao materia “Economía Laboral, e indica en nome dos estudantes que é preciso que estas cousas se resolvan antes, porque xa está iniciado o curso.

A Presidenta expón que o 24 de xullo se presentou a solicitude por parte da alumna. A finais de xullo se reuniu a Comisión para resolver o tema. A Comisión pediu un informe á profesora, para poder pronunciarse ao respecto. O mes de agosto foi inhábil, e a comezos de setembro se remite o informe. Finalmente, o día 16 de setembro, se resolve o plantexado pola alumna na solicitude.

Polo tanto, a Presidenta insiste en que a Comisión se reuniu a finais de xullo e hai que ter en conta os prazos, cun mes inhábil de por medio.

Sendo as 13:16, levántase a sesión.

A SECRETARIA EN FUNCIONS



Rosa Rodríguez Martín-Retortillo